



LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día vinte e sete de xullo de dous mil dez, aprobou a seguinte normativa:

NORMATIVA DE PROMOCIÓN DE PROFESORAS/ES FUNCIONARIOS/AS  
ACREDITADAS/OS A CÁTEDRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Exposición de Motivos**

O actual proceso de acreditación nacional, establecido polo R.D. 1312/2007 (BOE de 6 de outubro de 2007) configúrase como garante da calidade docente e investigadora do titular do certificado de acreditación, ao por en marcha, un sistema de avaliación dos méritos académicos, docentes, profesionais, investigadores, e de xestión académica e científica dos candidatos a través dunha comisión única e centralizada, sometida a normas de actuación públicas e obxectivas que aseguran a imparcialidade e a eficacia do procedemento en todas as súas etapas.

O feito de que un importante número de profesoras/es da USC resulten acreditados para poder ter acceso, mediante o oportuno concurso, ao Corpo de catedráticas/os de universidade, supón un indubidable recoñecemento de que a súa traxectoria académica persoal alcanzou o nivel mínimo esixible. Supón, tamén, un aval da calidade científica dos recursos humanos da propia universidade.

Para dar resposta ao lexítimo dereito de promoción persoal do profesorado acreditado cómpre establecer un procedemento para a dotación e convocatoria de cátedras que permitan o acceso progresivo das acreditadas/os.

As limitacións orzamentarias nas que se move a USC na actualidade non permiten dotar tantas prazas de catedrática/o como profesoras/es acreditadas/os, e faise necesario priorizar esas dotacións, sen cercenar as expectativas de ningunha acreditada/o no futuro, pero introducindo algún criterio de ordenación acorde coa realidade da nosa Universidade.

A normativa que se presenta intenta satisfacer o dereito de promoción persoal de todo o profesorado e tendo en conta as características asociadas á realidade actual da USC, introduce a consideración da situación das distintas áreas de coñecemento e campus e a potenciación da igualdade de xénero.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno da USC na súa reunión do 27 de Xullo de 2010 acordou aprobar a seguinte normativa:

## Artigo 1

O Consello de Goberno anualmente aprobará a dotación dun número de prazas de catedrática/o de universidade para promoción do profesorado acreditado para cátedra de universidade en función das disponibilidades orzamentarias e será negociado cos órganos de representación sindical.

## Artigo 2

Para poder optar á promoción, o profesorado solicitante deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ser profesoras/es titulares ou Catedráticos de Escola Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela con dedicación a tempo completo na USC
- Estar acreditados para catedrática/o de universidade
- Ter avaliados positivamente un número de sexenios equivalente á media dos da súa área de coñecemento, consonte aos datos máis recentes que, no momento da convocatoria, publique a Comisión Nacional de Evaluación de la Actividad Investigadora (CNEAI) ou ben ter avaliados positivamente o número de sexenios posibles.
- Non ter sido sancionado mediante expediente disciplinario na USC, nin condenado por sentenza xudicial no ámbito penal por delitos e faltas relacionados coa súa actividade profesional ou con violencia de xénero, nin resultar responsable de axuízamento contable

## Artigo 3

O proceso de asignación das prazas iniciarase coas solicitudes das persoas interesadas, ás que se xuntará o informe do Consello do Departamento ao que está adscrita a área de coñecemento da praza solicitada.

No caso de existir máis candidatos que prazas utilizarase o procedemento para a asignación das prazas ás áreas de coñecemento que se describe no artigo 4 da presente normativa. O proceso de asignación das prazas será de tipo competitivo e iniciarase coas solicitudes das persoas interesadas nos prazos que se establezan.

## Artigo 4

No caso de existir máis candidatos que prazas ofertadas, utilizarase o seguinte procedemento para a asignación das prazas:

4.1.- As prazas aprobadas asignaranse entre todas as áreas ás que pertencen as/os acreditadas/os que reúnan os requisitos ordeándoas en función do número que resulte da suma de:

- a) Un menos o Cociente (expresado con dous decimais) entre catedráticas/os de universidade e o PDI con vinculación indefinida á universidade (excluíndo ao profesorado asociado, PACS, axudantes, axudantes doutores, e interinos) da área e campus ao que pertence o candidata/o.

$$\left[ 1 - \frac{C.U.}{PDI \text{ vinc. permanente}} \right]$$

- b) No caso de que a ratio de catedráticos mulleres e homes non sexa paritaria na área e campus do candidato/a (e dicir, non chegue ao 40%-60% ) sumarase un menos o cociente entre catedráticos/as do xénero do candidato/a e total de catedráticas/os da área e campus, expresado con dous decimais e multiplicado por 0,5. Se non houbera ningún catedrático/a do mesmo sexo que o candidato/a sumarase directamente 0,5.

$$0,5 \left( 1 - \frac{C.U. \text{ mulleres ou homes}}{C.U. \text{ (mulleres + homes)}} \right)$$

Os casos de empate na aplicación dos criterios de ordenación resolveranse segundo os principios de antigüidade e prelación do PDI vixentes na USC.

4.2.- Aos efectos da ordenación das áreas consonte ao disposto no punto 4.1. non se terán en conta as catedráticas/os de universidade que cumpran a idade de xubilación obrigatoria do corpo no ano correspondente á convocatoria.

4.3.- A persoa que tome posesión nas prazas de catedrática/o de universidade creadas, non poderá solicitar un cambio de adscrición de campus nin a asignación temporal da súa docencia noutro campus diferente en catro anos.

4.4.- Unha vez resolto o concurso correspondente, a praza orixinal da persoa solicitante que gañase o concurso será amortizada.

## Artigo 5

Á vista da proposta da Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador, o Consello de Goberno decidirá cales son as prazas que se dotan para a promoción, previo o procedemento establecido para a modificación da RPT.

## Artigo 6 Modificado por Acordo de C.G. de 30 de setembro de 2010

~~Para o nomeamento da Comisión Xulgadora os departamentos propondrán ao presidente e secretario da Comisión, e aos respectivos suplentes. Ademais, o departamento acompañará á proposta unha relación de 9 candidatas e 9 candidatos entre os que será realizado o sorteo para completar a Comisión Xulgadora. O sorteo farase na Vicerreitoría de Persoal Docente e~~

~~Investigador de xeito que a comisión de selección cumpra cos criterios establecidos de paridade e universidade de procedencia dos membros. Xunto coa proposta, o departamento deberá acompañar copia da acta da sesión do Consello do Departamento na que se aprobara a proposta.~~

O Consello de Goberno, oída a proposta do departamento, decidirá a composición das comisións tendo en conta a normativa aplicable.

#### **Disposición Adicional** Derrogada por Acordo de C.G. de 30 de setembro de 2010

~~Engádese ao artigo 8.2. da Normativa Provisoria pola que se Regular os Concursos de Acceso aos Corpos Docentes Universitarios aprobada por acordo do 19 de febreiro de 2009, despois do segundo párrafo, o seguinte texto:—~~

~~Para o nomeamento das comisións os departamentos propondrán o Presidente e Secretario da comisión e os respectivos suplentes. Ademais, o departamento acompañará a proposta dunha relación de 9 candidatas e 9 candidatos entre os que será realizado o sorteo para completa lo tribunal. O dito sorteo farase na Vicerreitoría de Persoal Docente e Investigador de xeito que a comisión de selección cumpra os criterios establecidos de paridade e universidade de procedencia dos membros. Xunto coa proposta, o departamento deberá acompañar copia da acta da sesión do consello do departamento no que se aprobe a proposta.~~

O consello de goberno, oída a proposta do departamento, decidirá a composición das comisións tendo en conta a normativa aplicable.

#### **Disposición Transitoria**

A promoción do profesorado que obtivera a acreditación a cátedra con anterioridade ao 27 de xullo de 2010 regularase consonte ao establecido no Acordo do Consello de Goberno para a creación extraordinaria de prazas para profesoras/es funcionarios acreditados/as a cátedra con anterioridade a dita data.

#### **Disposición final**

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria deste acordo..

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a vinte e sete de xullo de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.



O Reitor

Juan J. Casares Long

